



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO, DE CINCO POSTOS PARA COLABORACIÓN NO DESENROLO DAS ACTIVIDADES DE VERÁN DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR (2017).

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

1.1 Esta convocatoria ten por obxecto seleccionar persoal para cubrir temporalmente os **CINCO** postos seguintes:

- **“TÉCNICOS/AS SUPERIOR EN ACTIVIDADES FÍSICAS E ANIMACIÓN DEPORTIVA”**

1.2 O contrato terá a modalidade de obra ou servizo de duración determinada (do 2 ó 28 de xullo de 2018, 30 horas semanais). As actividades realizaranse en horario de mañá e tarde, 2 veladas nocturnas e un fin de semana completo.

1.3 O salario bruto mensual, incluídas as pagas extraordinarias é de 1.501,36 €.

2.- FUNCÍONS

1. Dinamización e implementación de xogos e actividades lúdicas, culturais e fisico-recreativas, no marco da programación xeral.

2.- Dinamización de grupos empregando técnicas participativas e recursos educativos de animación no tempo libre.

3.- Acompañar ós/as participantes nas xornadas de senderismo e excursionismo, adoptando as medida de seguridade necesarias para levar a cabo as actividades e atendendo ás necesidades básicas que os/as participantes poidan requirir.

4.- Motivación do grupo nos aspectos relacionados coa conservación do entorno natural.

5.- Organización da acampada de fin de semana.

6.- Organización das veladas.

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o de concurso libre.

4.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

1º.- Ser español/a o ter a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea, o de aqueles Estados que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, de conformidade coa Lei 17/1993, de 23 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 55/1999, de 29 de decembro.

2º.- Ter cumpridos os 16 anos de idade.

3º.- Estar en posesión ou en condicións de obter a titulación de “Técnico/a superior en actividades Físicas e Animación Deportiva”, Licenciada/o ou Graduada/o en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

4º.- Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

5º.- Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude do expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

6º.- Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservaralos, polo menos, ata o momento da contratación.

5.- SOLICITUDES

As solicitudes solicitando tomar parte na convocatoria dirixiranse o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Soutomaior, debendo os/as aspirantes manifestar nas mesmas que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas (Se adxunta como Anexo I o modelo de solicitude).

Xunto coas instancias deberán aportar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada do título esixido.
- A documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo do concurso.
- Xustificante do ingreso da taxa por participación no proceso selectivo que se fixa en 22,65 €uros. (A BANCA ES68 2080-5457-98-3110101855- concepto: CONCURSO TÉCNICO SUP.)

O prazo de presentación será de **5 días hábiles** a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no "Faro de Vigo". Así mesmo, publicarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.soutomaior.com).

As solicitudes tamén se poderán presentar nos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso deberase acreditar, cò resguardo correspondente, a data da imposición do envío da Oficina de Correos, e anunciar o mesmo día ó órgano de selección, por fax ou correo electrónico (oficinas@soutomaior.com) a remisión da solicitude. Sen cumprir tales requisitos, non será admitida a proposición no caso de ser recibida fora do prazo fixado no anuncio.

Así mesmo, tamén poderán presentar a súa solicitude electrónicamente a través de <http://soutomaior.sedelectronica.es/>

Os/as aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as e determinando a composición do Tribunal. Dita resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web, concedéndose un prazo de tres días hábiles para emendas de defectos e reclamacións.

Transcorrido o prazo de 3 días sen producirse reclamacións a lista de admitidos/as e excluídos/as quedará elevada automaticamente a definitiva.

No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse nova resolución, publicándose a mesma no Taboleiro de anuncios do Concello e notificada individualmente os/as interesados/as.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza os/as interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

documentalmente como paso previo a contratación que corresponda.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador estará integrado polos/as seguintes membros, con voz e voto:

Presidenta: A Secretaria-Interventora Adxunta do concello ou funcionario/a en quen delegue.

Secretaria: A da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

Vogais:

- A Coordinadora deportiva do Concello ou suplente
- A Animadora lúdico-deportivo do Concello ou suplente.
- Un/unha traballador/a do Concello.

A designación dos/as membros do Tribunal incluírá os/as respectivos suplentes, e os/as vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso a posto de traballo convocado.

A actuación do Tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria. Non obstante, o Tribunal resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá toma-los acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases. Poderá tamén o Tribunal incorporar os seus traballos asesores/as especialistas, con voz pero sen voto, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

Os/as membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Sr. Presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós/ás membros do Tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

8.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección farase polo sistema de Concurso no cal se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes, de acordo ó seguinte baremo de méritos:

a) POR SERVIZOS PRESTADOS (máximo 6 puntos):

- en postos de traballo de similar natureza e funcións (actividades deportivas, recreativas e de animación, dirixidas a nenos/as de 3 a 16 anos) na Administración Local.....0,10 puntos por cada 10 horas de traballo (máximo 4 puntos)

- en postos de traballo de similar natureza e funcións (actividades deportivas, recreativas e de animación, dirixidas a nenos/as de 3 a 16 anos) en entidade privada..... 0,10 puntos por cada 10 horas de traballo (máximo 2 puntos)

Os méritos dos apartados anteriores acreditaranse mediante certificado expedido polas entidades nas que foron prestados os servizos, especificando: as funcións realizadas, o grupo de idade ó que foron dirixidas e as horas traballadas.

b) CURSO DE “SOCORRISTA DE INSTALACIONES ACUATICAS E ESPACIOS



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ACUATICOS NATURAIS” OU “SALVAMENTO ACUATICO E PRIMEIROS AUXILIOS”: 1 punto

Calquera de estes dous cursos acreditaranse co título correspondente ou co Certificado de estar inscrito no Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.

c) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (máximo 1 punto):

Coñecemento acreditado do idioma galego (no caso de acreditar varios cursos dos que se dirán a continuación só se terá en conta o de maior puntuación):

- Curso de iniciación ou Celga III: 0,50 puntos.

- Curso de perfeccionamento ou Celga IV : 1 punto.

Este mérito acreditarase mediante título ou certificación validados ou expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública, ou centros oficiais.

d) OUTRAS TITULACIÓNS (máximo 0,75 puntos)

Valorarase estar en posesión de algunha outra titulación, a maiores da aportada para cumprir co requisito mínimo da solicitude, do seguinte xeito:

- Técnico/a superior en actividades físicas e animación deportiva: 0,25 puntos

- Licenciado/Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte: 0,25 puntos

- Monitor/a de tempo libre: 0,25 puntos.

- Técnico/a superior en animación socio cultural: 0,25 puntos.

e) ENTREVISTA PERSOAL (máximo 1,25 puntos)

No caso de que o Tribunal o considere oportuno, se realizará unha entrevista persoal, ós/as 8 aspirantes con mellor puntuación, que se valorará de 0 a 1,25 puntos.

9.- RELACIÓN DE APROBADOS/AS, PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Efectuada a valoración dos méritos, o Tribunal determinará a puntuación final dos/as aspirantes por orde de puntuación e a relación exporase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web, durante un prazo de 3 días naturais, ós efectos de posibles reclamacións. A entrevista, no seu caso, realizarase unha vez transcorrido o período de reclamacións e resultas as mesmas se as houbera.

Unha vez finalizado o proceso de valoración, se formulará á Alcaldía-Presidencia proposta de contratación dos/as aspirantes que obtiveran maior puntuación final. Dita proposta exporase novamente ó público durante un prazo de 3 días naturais. En caso de renuncia dalgún dos/as aspirantes proposto/a para a contratación, farase nova proposta a favor do/a aspirante que, por orden, obtivera maior puntuación.

Os/as aspirantes seleccionados/as, no prazo de 5 días seguintes a que se faga pública a relación de aprobados/as, deberá presentar na Secretaría da Corporación a acreditación do cumprimento dos requisitos requiridos para tomar parte no proceso selectivo.

Unha vez aprobada a proposta do Tribunal por resolución da Alcaldía, notificarase a mesma ós/ás seleccionados/as para que subscriba o correspondente contrato laboral no prazo máximo de cinco días hábiles.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

10.- LISTA DE RESERVA

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal elaborará unha lista de reserva, integrada polos tres candidatos/as de cada unha das categorías que obtiveran a seguinte mellor puntuación despois dos propostos. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos/as inicialmente seleccionados/as.

11.-RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto nas presentes bases se estará ó disposto na lexislación reguladora dos contratos laborais temporais.

12.- DISPOSICIÓN FINAL

As bases xerais e específicas desta convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos Tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O ALCALDE,
Documento asinado dixitalmente á marxe

DILIXENCIA.- Exténdese, como secretaria, para facer constar que as presentes bases, que constan de 5 páxs, todas elas en papel timbrado municipal, rubricadas por mín e seladas co o de Secretaría de este Concello, foron aprobados por Xunta de Goberno Local de data 24 de maio de 2018.

A SECRETARIA
Documento asinado dixitalmente á marxe